

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 3 DE AGOSTO DE 2022.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día tres de agosto de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión da licenza urbanística para agregación das parcelas para a súa posterior segregación en catro parcelas en solo clasificado no PXOU como núcleo rural tradicional de Castelo de abaixo, parroquia de Lugo-Castelo (Santiago) (exp. 2022/Y005/000002).

Acórdase denegar a licenza urbanística para construción de edificio na rúa San Froilán, números 16, 18 e 20 (exp. 160/19).

Tamén se acorda a concesión da licenza urbanística para demolición de edificación na rúa do Freixo, número 6. (Exp. 2022/Y001/000082).

Acórdase denegar a licenza urbanística para construción de edificación para residencia de persoas maiores na rúa Afonso X, O Sabio (exp. 2022/Y001/000079).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a segunda prórroga do contrato dende o 6-09-2022 ata o 5-09-2023 no contrato administrativo correspondente á contratación do servizo de prevención alleo nas especialidades técnicas: seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicocioloxía aplicada, así como da vixilancia da saúde. Exp. ref.: 2019-012

Acórdase a prórroga do contrato dende o 19/8/2022 ata o 18/8/2023 na subministración de combustible para vehículos e maquinaria municipal. exp. ref. 11-2018. (Tecol 2021/C004/000026).

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac1337743547879266367.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 3-8-2022

3. PERSOAL.- Acórdase o compromiso de incorporación de 1 praza de encargado/a brigada vías e obras e 1 praza de auxiliar administrativo/a do servizo de atención e participación cidadá na próxima oferta de emprego público para o ano 2022.

Tamén se acorda o nomeamento como funcionario de carreira do Excmo. Concello de Lugo para desempeñar a praza de encargado brigada zona rural (grupo de titulación: grupo C, subgrupo C2); escala: administración especial; subescala: servizos especiais.

4. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización tributaria por renuncia á licenza urbanística para a construción dunha nave de uso industrial na rúa Antonio Eleizegui López, Vía E, parcela K.3.5 do Parque Empresarial as Gándaras. Exp. 2022/T028/000246.

Acórdase a regularización tributaria exp. recoñecemento bonificación a favor das obras de reforma que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados no edificio de vivendas sito na avda. da Coruña, nº 257.

Tamén se acorda a desestimación da solicitude de rectificación do pmeb segundo a valoración do servizo de arquitectura, con base na que se emitiu a liquidación provisional por obras de mellora da envolvente térmica do edificio de vivendas, sito na rúa Mariña Española, nº 22.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.